



Regulamento da Comisión de Normalización Lingüística

Preámbulo

As Comisións de Normalización Lingüística (CNL) son comisións delegadas das xuntas de facultade ou de escola, deben se extensións da [Área de Normalización Lingüística](#) (ANL) nos centros. A súa creación viña prevista no [Plan de política Lingüística](#) da Universidade de Vigo aprobado no ano 2004.

As comisións forman parte da organización xeral da Universidade en materia de política lingüística. Polo tanto, deben velar porque se cumpran as condicións necesarias para que non se vulneren os dereitos das persoas que queiran empregar o galego en todos os contextos que se poidan dar dentro das facultades ou escolas, así como procurar o fomento do uso da lingua, sobre todo, naqueles ámbitos onde esta teña menos presenza¹.

¹ Fragmento da “Proposta de funcionamento das comisións de normalización lingüística na UDC”. DAVID COBAS MEDÍN



Artigo 1. Composición da comisión.

A comisión estará aberta a todas aquelas persoas do centro dispostas a participar activamente no traballo a favor da lingua. De xeito xeral haberá representantes do estudantado, do Persoal Docente Investigador (PDI) e do Persoal de Administración e Servizos (PAS), así como membros do equipo directivo do centro. A comisión tamén estará aberta á incorporación de colaboradores de fóra do centro.

A composición mínima recomendable deberá incluír tres membros do PDI, un deles pertencente ao equipo directivo que exercerá de presidente/a ou secretario/a, dous representantes do estudantado e un membro do PAS.

Todas as novas incorporacións á comisión deben ser comunicadas ao Servizo de Normalización Lingüística.

Artigo 2. Constitución da CNL.

A composición da CNL deberá ser aprobada pola Xunta de Escola da ETSEM, así como calquera modificación que teña lugar.

Os membros da comisión cesarán ben por petición propia ou cando deixen de pertencer ao centro.

Na primeira reunión constitutiva a comisión nomeará ao secretario/a entre os membros integrantes.

Artigo 3. Funcións.

A CNL ten, entre outras, as seguintes funcións:

- *Recoller datos* que permitan dispormos dunha diagnose actualizada da realidade lingüística da ETSEM.
- *Propor actuacións* e definir obxectivos conducentes a unha maior presenza da lingua galega na ETSEM.
- *Canalizar os intereses e as preocupacións* dos membros da escola sobre calquera aspecto da normalización lingüística (queixas, suxestións...).
- *Difundir información e recursos* na ETSEM que ofrece a Universidade de Vigo e que resultaren de interese para a difusión da lingua galega (materiais da ANL, cursos ou xornadas de formación...).
- *Fomentar a coordinación* con outras comisións para o intercambio inter ou intrauniversitario de experiencias normalizadoras.



Artigo 4. Convocatoria.

As reunións da CNL teranse que celebrar en días hábiles e serán convocadas polo secretario/a por orde do presidente/a cunha antelación mínima de 48 horas. A convocatoria levarase a cabo por correo electrónico.

A comisión constitúese validamente coa metade máis un dos membros integrantes en primeira convocatoria, ou en segunda, que se celebraría 30 minutos máis tarde, co 25% dos membros.

A secretaría de dirección encargarase de archivar en formato electrónico as convocatorias, xunto coa documentación de existiren.

Artigo 5. Actas.

Trala reunión o secretario/a da CNL elaborará a acta do tratado na mesma. Esta acta xunto cos posibles anexos serán remitidos a secretaría de dirección onde serán arquivadas con toda a documentación xerada.

Artigo 6. Procedemento de urxencia.

Os temas urxentes que requiran unha resposta da CNL poñeranse en coñecemento de todos os membros da comisión, pedindo a súa opinión a través de correo electrónico. Consideraranse aprobados cando exista unanimidade. Normalmente este procedemento reservarase para asuntos considerados de trámite .

Os acordos tomados por este procedemento deberán ser informados na seguinte reunión presencial da comisión.